




HOMENAXE A BERNARDO

NO XI CABODANO

SÁBADO 30 DE DECEMBRO DE 2023 - 12:30 HORAS

NA PRAZA DE IGREXA DE VILALBA



O **sábado 30 de decembro de 2023, ás 12:30** horas, n a **PRAZA DA IGREXA DE VILALBA**, o Instituto de Estudos Chairegos (**IESCHA**) organiza a homenaxe a **Bernardo García Cendán** no seu **XI Cabodano**, que terá lugar ao carón da lousa coa inscrición conmemorativa inaugurada o ano pasado (obra do canteiro **José Gómez de Bernardo “Pepón”**).

O acto terá un apartado para o recitado de textos do propio **Bernardo**, e outro musical no que intervirán:

Arturo Bermúdez Prieto de 14 anos, que tocará unha versión de trompeta de *Lela* e pechara o acto coa interpretación do himno galego.

Víctor Antonio Bermúdez Prieto tocará na guitarra española unha peza de estudo denominada *Rondó-Napoleón Coste*.

Ambos, **sobriños-netos** de **Bernardo**, son estudantes de 2º grao de profesional no Conservatorio de Culleredo.

Contaremos tamén co acompañamento do grupo **AC ANDRADE**.